

ORDENANZA REGULADORA DO USO DO PAVILLÓN DE DEPORTES MUNICIPAL DE BOVEDA

"CAPÍTULO I: REGLAS DO REGULAMENTO DO PAVILLÓN POLIDEPORTIVO.

Art. 1.- É obxecto deste regulamento a ordenación da utilización do Pavillón Polideportivo Municipal de Bóveda, afectado ó servizo público deportivo.

Art. 2.- As instalacións do devandito pavillón serán xestionadas directamente pola Corporación sen órgano especial de administración.

Art. 3.- O inmovible do Pavillón Polideportivo de Bóveda é un ben de dominio público e figura inscrito como tal no Inventario de Bens do Concello de Bóveda.

Art. 4.- Como norma xeral, as instalacións do pavillón destinaranse á práctica de toda clase de actividades deportivas, competicións e espectáculos de natureza deportiva ou recreativa, sen prexuício de utilizalas ocasionalmente para a realización doutras manifestacións artísticas, culturais, sociais ou de relevo para a comunidade.

Art. 5.- En concreto, as instalacións do pavillón poderanse utilizar para os seguintes actos:

a) Actividades, competicións e espectáculos deportivos de baloncesto, balonmán, balonvolea, fútbol-sala, ximnasia, tenis, probas atléticas e calquera outra modalidade deportiva recoñecida que se axeite ás características das instalacións.

b) Actividades e espectáculos de carácter mixto, nos que os seus aspectos artísticos ou culturais excedan do estritamente deportivo.

c) Actos públicos non incluídos en ningún dos parágrafos anteriores e que sexan de interese xeral. Neste suposto será precisa unha autorización específica da Alcaldía para cada caso.

CAPÍTULO II: COMPETENCIA E FUNCIONS

Art. 6.- O Alcalde é o órgano competente para autorizar ou denegar as autorizacións de utilización do pavillón polideportivo.

Art. 7.- A Alcaldía ou, por delegación da mesma, o concelleiro-delegado de deportes serán competentes para tramitar e impoñer as sancións que correspondan por infraccións ás normas do presente regulamento, non sendo que a Alcaldía delegue a devandita facultade na comisión de Goberno.

Art. 8.- As denegacións de autorización para actos incluídos no artigo quinto serán motivadas.

Art. 9.- O Pleno da Corporación ostenta as seguintes competencias:

a) Aprobación, modificación e derogación do presente regulamento.

b) Aprobación das directrices anuais de utilización do pavillón, por proposta da Comisión informativa.

Art. 10.- O Alcalde, e no seu caso o concelleiro-delegado de deportes teñen as seguintes competencias:

a) A redacción do proxecto de utilización do pavillón polideportivo.

b) A elaboración de informes que lle solicite a Comisión informativa, a Comisión de Goberno ou o Pleno da Corporación.

c) O establecemento de directrices do horario de utilización do pavillón.

d) A proposición de convenios coas asociacións e entidades deportivas sobre utilización do pavillón.

e) A resolución das incidencias ordinarias que xurdan na xestión do pavillón.

CAPÍTULO III: DEREITOS E OBRIGACIONES DOS USUARIOS

Art. 11.- 1. Tódolos cidadáns teñen dereito a acceder e a usar as instalacións do pavillón

polideportivo en condicións de igualdade, con suxeición ós principios democráticos de convivencia, ás normas establecidas no presente regulamento e ás instrucións que na súa execución dicten as autoridades municipais e os funcionarios encargados da xestión do servizo.

2. O dereito de uso tamén se axustará ás condicións de autorización municipal e ós horarios aprobados regulamentariamente.

- Art. 12.-
1. Os usuarios teñen a obriga de colaborar no mantemento das debidas condicións de limpeza e hixiene das instalacións e respeta-las normas sobre o uso adecuado do equipamento e a moblaxe do pavillón.
 2. As avarías, danos ou desperfectos que se orixinen no material ou nas instalacións como consecuencia da súa utilización impropia ou negligente darán lugar á responsabilidade por parte do autor ou autores, que lles será esixida polo concello de conformidade co que dispón o ordenamento xurídico. Todo iso sen prexuício da sanción administrativa que proceda.

Art. 13- Está prohibida a posesión de calquera tipo de botellas e envases ou comida nas bancadas do pavillón.

Tamén está prohibido fumar en calquera das instalacións do pavillón.

Art. 14.- É obrigatoria a utilización de vestimenta deportiva para o adestramento ou a práctica de actividades desa natureza no pavillón. En especial, non se permitirá o acceso á entrada da pista sen o calzado axeitado.

CAPÍTULO IV: AUTORIZACIÓNS E HORARIOS

Art. 15.- O horario de utilización do pavillón será elaborado polo persoal do concello, previa petición de autorización por parte dos equipos ou persoas interesadas. O cadro do horario semanal estará exposto ó público nos taboleiros de anuncios da Casa do Concello, a Casa de Cultura e o propio pavillón.

- Art. 16.-
1. Como regra xeral, os sábados e domingos resérvanse para competicións deportivas, con arrego á programación do curso escolar ou tempada deportiva.
 2. Os luns, o pavillón permanecerá pechado por descanso do persoal. O peche pode estar suxeito ó volume de solicitudes de utilización que se rexistren.
 3. O horario de utilización normal do pavillón será o seguinte:
 - De luns a venres, de 18.00 a 24.00 horas. Nos convenios ós que chegue o Concello con equipos, clubs e asociacións deportivas, terase en conta a necesidade de deixar horas libres nese período de martes a venres para posibilita-la utilización do pavillón por persoas ou grupos de persoas que non se acolleron a ningún acordo.
 - Ós sábados e domingos, de xeito que garantice a celebración dos encontros de competición autorizados.
 4. O concello pode introducir modificacións nos horarios aprobados cando razóns urxentes de interese público o esixan. Tal continxencia será notificada ós afectados.

- Art. 17.-
1. A tramitación das solicitudes de autorización será a seguinte:
 - a) Deberase presenta-la solicitude para cada semana, o último día hábil da semana anterior ou o primeiro da corrente. Cada equipo ou persoa somente poderá pedir unha autorización de unha hora semanal pero poderá pedir unha segunda se é que hai tempo libre. O Concello poderá fixar un día determinado para a presentación desta segunda solicitude.
 - b) En períodos en que se estean a celebrar competicións, o Concello poderá habilitar máis días para a presentación de solicitudes de autorización.
 - c) Os centros escolares teñen preferencia para a utilización do pavillón durante o horario lectivo.
 - d) As escolas municipais teñen preferencia na utilización da pista, sempre que a precisen.

e) A atribución de horas de utilización do pavillón procurarase que sexa rotativa.

f) Os equipos, clubs e asociacións deportivas do municipio teñen preferencia sobre as persoas individuais e sobre os equipos de fóra do municipio.

2. Para os efectos previstos no apartado f) do parágrafo anterior, os citados colectivos deberanse inscribir nun rexistro municipal no que constarán a súa denominación, as modalidades deportivas que practique, o nome e apelidos dos seus compoñentes e o nome, apelidos, enderezo postal e teléfono do seu representante ante o Concello.

- Art. 18.-
1. O usuario que estea autorizado para a utilización do pavillón e que por concorrer unha causa xustificada non vaia facer uso do mesmo, deberá adevértilo ó servizo de Deportes cunha antelación mínima de 48 horas, non sendo en caso de forza maior. Se dá o aviso cunha antelación menor, a devandita persoa ou colectivo perderá o dereito a utiliza-lo pavillón durante un período de unha semana; se non avisa en absoluto, perderá aquel dereito por un período de dúas semanas.
 2. A reincidencia nas faltas previstas no parágrafo anterior, conlevará a perda de dereito de utilización do pavillón por un período de ata un mes.
 3. Non se permite a cesión do uso do pavillón a terceiros non sendo coa autorización expresa da Alcaldía ou do concellerio-delegado de deportes.

Art. 19.- Os usuarios están obrigados ó abono das tarifas do prezo público de utilización do pavillón aprobadas polo Pleno da Corporación ó presentaren a solicitude de autorización, excepto nos casos en que proceda a bonificación da mesma ou o uso de balde.

CAPÍTULO V: NORMAS ESPECIAIS PARA OS CLUBES

Art. 20.- Os clubs, entidades ou asociacións deportivas ós que pertencen son solidariamente responsables cos autores dos danos ou prexuízos que se causen ás instalacións do pavillón, sinaladas no art. 12 deste regulamento.

Art. 21.- O uso das instalacións durante unha ou máis tempadas non presupón ningún dereito adquirido para as seguintes.

Art. 22.- Os clubs, entidades e asociacións deportivas son responsables de que durante o adestramento e os partidos estean nos banquiños ou na pista o persoal que corresponda.

Art. 23. Cada equipo usará os vestiarios que se lle asignen.

Art. 24.- Os equipos escolares deberán ir acompañados polos profesores ou adestradores que lles correspondan.

Art. 25.- O clube ou asociación ó que se lle permita a colocación de publicidade durante un partido ou competición, deberá retirala cando finalice.

CAPÍTULO VI: INFRACCIÓN E SANCIÓN

- Art. 26.-
1. A Alcaldía ou, por delegación da mesma, a Comisión de Goberno sancionarán ós usuarios que infrinxan as normas previstas neste regulamento con amonestación pública e/ou multa de 500 a 15.000 pts., seguindo o procedemento regulado no R.D. 1398/1993, do 4 de agosto, polo que se aproba o Regulamento do Procedemento para o Exercicio da Potestade Sancionadora. Todo iso sen prexuízo da existencia das responsabilidades civís ou doutra natureza que procedan.
 2. Para graduar-la contía da sanción, atenderase á gravidade da infracción, a culpabilidade do autor, a entidade dos prexuízos que se deriven para o Concello ou para terceiras persoas e a reiteración por parte do responsable.

DISPOSICIÓN ADICIONAL

No que non estea previsto neste regulamento, rexerá a lexislación de réxime local.

O presente regulamento será exposto a información pública por un prazo de trinta días mediante anuncio no taboleiro de edictos da Corporación e no Boletín Oficial da Provincia, coa finalidade de que as persoas e entidades interesadas poidan presentar suxerencias e reclamacións. De non habelas, entenderase aprobado definitivamente

Non se produce debate, polo que o Sr. Alcalde somete a votación ó precedente dictame, producíndose o seguinte resultado:

Cinco votos a favor dos concelleiros do Grupo Popular

Un voto en contra do Sr. concelleiro do Grupo Mixto.

Na explicación de voto o Sr. Concelleiro José Prado manifesta que:"Voto que non porque non se consultou ó BNG na redacción desta Ordenanza."